

Embaixadores de países da área Asia-Pacífico visitan o Parlamento de Galicia

- Foron recibidos polo presidente da Cámara, Santalices Vieira

Santiago, 7 de xullo de 2017.- Embaixadores e outros diplomáticos acreditados en España de países da área Asia-Pacífico visitaron este mediodía o Parlamento de Galicia, onde foron recibidos polo presidente da Cámara, Miguel Ángel Santalices Vieira, que estivo acompañado por integrantes da Mesa.

A visita enmárcase nun programa de actividades que esta delegación diplomática desenvolve hoxe en Galicia no marco dunha estratexia encamiñada á promoción exterior dos recursos da Comunidade Autónoma.

O presidente do Parlamento de Galicia explicoulles a historia, composición e funcionamento do Lexislativo galego. Santalices tamén lles amosu a sede do Parlamento de Galicia e respondeu ás cuestións suscitadas polos diplomáticos.

A delegación que hoxe visitou o Parlamento está integrada polos/as embaixadores/as de Kasajstán, Indonesia Tailandia, India, Vietnam, Filipinas e Nova Zelandia; a agredada comercial de Indonesia; o encargado de negocios *ad interim* da embaixada de Australia, o ministro conselleiro encargado de negocios da embaixada de Afganistán e o ministro conselleiro da embaixada de Irán.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.

